



CONCELLO DE VAL DO DUBRA (A Coruña)

R.E.L.N.º 0115888 – C.I.F. P-1508900-F Teléf. 981889000 – Fax 981889100
Rúa arcai, 41 – Bembibre – C.P. 15873 – E-mail: correo@valdodubra.gal

ANUNCIO DO ACORDO DE APROBACIÓN DA DEPURACIÓN DE OBRIGAS RECOÑECIDAS DE EXERCICIOS PECHADOS

Mediante acordo do Pleno da Corporación adoptado na sesión ordinaria celebrada o 16 de maio de 2024 aprobouse inicialmente a depuración de obrigas recoñecidas dos exercicios pechados 2005 a 2019 por importe global de 28.158,14 €, conducente á baixa dunha serie de obrigas prescritas e á corrección de erros e duplicidades contables.

O anuncio do expediente de incoación publicouse no *Boletín Oficial da Provincia da Coruña* núm. 100 do 24 de maio de 2024, sen que se tiveran presentado alegacións nos trámites de audiencia nin información pública, consonte dilixencia da secretaria-interventora acumulada, polo que se procedeu á aprobación co mesmo teor literal, terceiros, importes e conceptos que estiveron á disposición dos interesados no servizo de contabilidade municipal.

Este acordo pon fin á vía administrativa, e de conformidade co disposto nos art. 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, e dos art. 8, 45 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, as persoas interesadas poderán interpor un dos seguintes recursos:

a) Recurso de reposición, con carácter potestativo, ante o mesmo órgano que ditou o acto recorrido, no prazo dun mes, a contar desde o día seguinte ao desta publicación. A interposición deste recurso non suspenderá a execución do acto impugnado, de conformidade co art. 117 da Lei 39/2015, salvo que que unha disposición estableza o contrario. Transcorrido 1 mes desde o día seguinte ao da interposición deste recurso sen que este teña sido resolvido, a persoa interesada poderá entender que foi desestimado e interpor o recurso seguinte. A interposición deste recurso impide a interposición do recurso contencioso-administrativo até que aquel teña sido resolvido expresamente ou se teña producido a súa desestimación por silencio administrativo.

b) Recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo, dentro do prazo de dous meses contados desde o día seguinte ao desta publicación. Todo iso sen prexuízo de calquera outro recurso ou acción que as persoas interesadas estimen procedente.

Val do Dubra, 20 de xuño de 2024.

O alcalde en funcións,
Antonio Negreira Noya